

## **PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

### **1. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**

Enténdese por actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan. Así cabe considera-las visitas, traballo de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

#### **A) Visitas didácticas:**

- Visita á Central Térmica de As Pontes. 1BTC e 2BTC diurno e adultos. Dpto de Tecnoloxía. 2º trimestre.
- Saída ao Río Eifonso, programa “Vigo por dentro”, ESO, Dpto Bioloxía e Xeoloxía, pendente de datas.
- Saída ao Parque forestal de Saiáns, programa “Vigo por dentro”, ESO, Dpto Bioloxía e Xeoloxía, pendente de datas.
- Visita á ONCE, programa “Vigo por dentro”, ESO, Dpto Física e Química, pendente de datas.
- Visita á Planta de reciclaxe industrial Toysal, programa “Vigo por dentro”, ESO, Dpto Física e Química, pendente de datas.
- Visita á Fundación Sales, programa “Vigo por dentro”, ESO, Dpto Educación Física, pendente de datas.
- Itinerario pola Arquitectura de Vigo II, programa “Vigo por dentro”, 2º de bacharelato, Dpto Xeografía e Historia, pendente de datas.
- Visita ao CEDAM. Centro de Divulgación Arqueolóxico Municipal, 4º de ESO, Dpto Xeografía e Historia 1º trimestre
- Visita ao Faro de Vigo, programa “Vigo por dentro”, 3º e 4º ESO, Dpto Lingua Galega, pendente de datas.
- Máis visitas poden ser programadas ao longo do curso.

#### **B) Conmemoracións.**

##### **Xornadas Astronómicas.**

Os departamentos da área de ciencias organizarán no primeiro trimestre unha xornadas para dar a coñecer a Astonomía entre o alumnado: constarán de Exposición de carteis, observacións astronómicas, Talleres de Tics co programa Stellarium e páxinas de Astronomía.

### **Celebración do Entroido.**

Como todos os anos antes do Entroido se organizará un concurso de disfraces entre o alumnado tanto de diurno como de tarde-noite. A participación será libre e haberá premios para as diferentes categorías (individuais, comparsas, etc) Ademáis se organizará un concurso de filloas na cafetería do centro onde os participantes terán que preparar as filloas que opten a concurso, cos materiais que traian da casa, os fornecidos son proporcionados polo centro, haberá premios ás mellores filloas.

### **Celebración das Letras Galegas.**

Co gallo das Letras Galegas realizarase un festival no Salón de Actos do instituto onde un profesor do centro fará unha lembranza do homenaxeado nas letras galegas, que o ano 2010 recae no gran poeta do Courel Uxío Novoneyra. O departamento de música organizará actividades musicais e se entregarán os premios das actividades deportivas e do concurso de marcapáxinas.

### **C) Outras actividades.**

#### **Escola de Nais e Pais.**

En colaboración coa Asociación de Nais e Pais do centro vanse organizar unhas xornadas chamadas “Escola de Nais e Pais”. Mediante conferencias e talleres prácticos se tentará de dar resposta a dificultades coas que se atopan os pais na educación dos fillos, como: entender aos nenos na adolescencia, encauzar as saídas profesionais dos fillos, comprender o mundo de internet e as redes sociais, enfrentarse a trastornos da alimentación como a anorexia e a bulimia, afrontar a educación sexual dos fillos, fomentar hábitos saudables de nutrición e prevención de enfermidades, afrontar o fracaso escolar dende a casa.

#### **Acollida e presentación do centro ao alumnado dos centros adscritos.**

Coa celebración das letras galegas invitase ao alumnado do último curso dos centros adscritos a que visiten o centro, se lles fai un recorrido polas instalacións e se lles invita a participar nos actos que teñamos programados ese día.

## **2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

Enténdese por actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc. se realizan fóra de horario lectivo.

**Teatro:** Un ano máis o centro oferta a actividade de teatro a todo o alumnado e profesorado do centro. Esta actividade está dirixida pola profesora de teatro: Sandra Riesgo, que xa viña desempeñando o cargo estes últimos anos. Esta actividade ten un custo de 250€ mensuais, que asume o departamento de actividades extraescolares. No mes de maio represéntase a obra que se traballe durante o curso, tanto en horario de diurno como de tarde. Tamén se oferta a obra para representar en outros centros da zona como se veu facendo estes anos. Este curso temos o proxecto de celebrar unhas xornadas de teatro escolar con obras representadas por outros centros con esta mesma actividade, tamén estamos invitados ás xornadas de teatro escolar do Morrazo do presente curso. Participase tamén no proxecto Caixa Escena da Fundación a Caixa e nos Premios Buero Vallejo de Teatro escolar.

### 3. VIAXES DE ESTUDIO E INTERCAMBIOS ESCOLARES.

Este curso o centro participa no programa **Rutas Científicas “Andalucía ciencia a tope”** Dende o 11 ao 17 de outubro 24 alumnos de 1º e 2º de bacharelato acompañados dos profesores Juan Prado e Dolores Méndez, recorrerán: Estación biolóxica de Doñana, Centro de visitantes de Doñana, Palacio del Acebrín, Acebuche, Parque dunar, Puerto Real, UCA planta de cultivos marinos, Málaga, Museo interactivo da música, Granada, Instituto de astrofísica de Andalucía, Parque das ciencias e planetario, Almería, PSA de Tabernas e Observatorio astronómico de Calar Alto.

O alumnado de 4º da ESO está preparando unha viaxe de fin de curso que aínda está pouco definida, o profesorado dese curso estase encargando da súa programación.

### 4. ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ARTÍSTICAS

O departamento de Educación Física organiza actividades deportivas durante os recreos para todo o alumnado que se apunte nas mesmas. Estas actividades non se poden realizar fora do horario escolar ao non disporse de transporte escolar.

Actividades deportivas:

Pódese participar nas seguintes actividades:

FUTBITO (equipos de 6 xogadores/as; poden ser de distintos cursos; nome do equipo e nome do capitán).

VOLEIBOL 3x3 (equipo de 4 xogadores/as; poden ser de distintos cursos; nome do equipo e nome do capitán)

BALONCESTO 3x3 (equipo de 4 xogadores/as; poden ser de distintos cursos; nome do equipo e nome do capitán).

BÁDMINTON

TENIS DE MESA

XADREZ

DAMAS

Os torneos serán nos recreos

Pode participar todo o alumnado do centro

Para anotarse, se ten que falar con calquera profesor de Ed. Física ou facelo nas listas no ximnasio. Comézase a segunda semana de outubro

Olimpiada de Xogos Populares. No marco da celebración do entroido prográmase unha Olimpiada de xogos populares en colaboración dos departamentos de Educación Física e Tecnoloxía, co fin de dar a coñecer entre o alumnado os xogos tradicionais que forman parte da nosa cultura popular, e que sexan unha alternativa aos momentos de lecer que non sexa só videoconsolas e internet.

Serán da Mocidade. En colaboración co departamento de Música e profesorado interesado no canto popular organizaremos este ano o primeiro Serán do Meixueiro, coa participación de

alumnado de dentro e fora do centro que participa en grupos de canto e baile tradicionais. O obxectivo é dar a coñecer esta faceta da nosa cultura a toda a comunidade educativa. Pedirase colaboración tamén á Asociación de Nais e Pais de alumnos.

## 5. ORGANIZACIÓN E HORARIO DA BIBLIOTECA DO INSTITUTO

### 1.- MEMORIA DE ACTIVIDADES.

**1.1- Espazo físico:** a biblioteca consta dunha sala propia situada no primeiro andar do edificio principal con acceso para minusválidos. Nesta sala atópase almacenado en armarios abertos con portas acristaladas que rodean o perímetro da sala a maior parte do fondo bibliográfico da biblioteca, que consta aproximadamente duns 18.000 volumes.

Ademais do espazo adicado ao estudo –mesas e cadeiras- a Biblioteca ten un pequeno espazo con sillóns para lectura de lecer ou a consulta de prensa e revistas (1); unha mesa para o profesor de garda e dous ordenadores conectados a Internet. A sala de Biblioteca é o único espazo do Centro que ten conexión á Internet aberta a todos os usuarios.

Outros espazos de almacenaxe son os Departamentos, a Biblioteca exterior (armario exterior onde se almacena o material obsoleto); e as Bibliotecas de Aula para 1º ciclo da ESO. O material do que están compostas as Bibliotecas de Aula son: enciclopedias, dicionarios de español, galego, francés e inglés; atlas, cómics e libros de lectura na aula seleccionados polos profesores que imparten clase neste ciclo.

Por último, a Administración de biblioteca, pequeno espazo que se habilitou no verán do curso escolar 2003-04 é onde se levan a cabo as funcións da administración: rexistro de préstamos e devolucións, mantemento de catálogo...

**1.2.- Préstamo:** a Biblioteca proporciona un carné de usuario aos alumnos do centro, aos profesores e ao persoal non docente, pero ademais empresta todos os seus recursos aos pais e a ex alumnos continuando o seu labor de servizo á comunidade, obxectivo fundamental de calquera biblioteca pública. Os préstamos realízanse de forma manual –ficha de préstamo- e informatizada.

Os servizos que oferta son os que se detallan a continuación:

- Préstamo individual.
- Préstamo colectivo ás seccións documentais de aula.
- Préstamo domiciliario alumnado con dificultades.
- Información xeral: guía da Biblioteca.
- Información de referencia.
- Información e Orientación bibliográfica por petición individual.
- Asesoramento e poio a profesorado para complementar a súa labor docente.
- Difusión periódica da colección: exposición de novidades, recomendacións específicas.
- Acceso a documentos en soporte informático e uso do servizo de acceso a Internet.
- Lectura e consulta en sala.
- Acceso ao catálogo.
- Sección Web
- Apertura escolar e extraescolar.

.....

(1).- A Biblioteca ofrece aos seus usuarios prensa diaria: “Faro De Vigo”, “A voz de Galicia”, “O País”-; e revistas, “Muy Interesante”, “Natura”, “Historia y vida”, “National Geographic”, “Viajes National Geographic”. Os Departamentos tamen están suscritos a distintas revistas: “Investigación e Ciencia”, “Mundo Científico”, “RETEMA”, “Seguridad y Medio Ambiente”, “Residuos”...

**2.3.- Horario:** a Biblioteca permanece aberta case de forma ininterrompida desde as 8.45 até as 21.20. Só pecha ao mediodía entre as 14.15 e as 16.20, agás os martes –destinados a reunións- entre as 14.15 e as 18.00. É vixiada en todo momento por profesores de garda que teñen dúas funcións claras: manteñen a orde e realizan os empréstitos e devolucións oportunas, é dicir, non colaboran nas labores de xestión da biblioteca (ANEXO 1, **Panel de gardas**).

**1.4.- Actividades da Biblioteca** relacionadas coa **formación de usuarios** ou charlas nas que se explica o funcionamento da Biblioteca, :

- Todos os anos en setembro se realizan durante a primeira semana, cursos de formación de profesores de garda (ANEXO 2. **Intruccións para realizar correctamente un préstamo**).
- Todos os anos ao longo do primeiro trimestre realízanse cursos de formación de usuarios de alumnos para todos os niveis da ESO, para o primeiro curso de Bacharelato e para todos os cursos de Ciclos Formativos que o soliciten. Nestas charlas explícase, ademais do funcionamento da Biblioteca, métodos e estratexias de búsqueda de información.

**1.5.- Actuacións para a centralización dos fondos:** a informatización da nosa Biblioteca comezou no ano 2003, ano no que se constrúe o despacho de administración e xestión da mesma. Despois de explicar ao Claustro de Profesores o noso proxecto, pedimos os xefes de Departamento que elaboraran a súa CDU a partir do fondo bibliográfico existente. Unha vez adaptada a CDU comezamos o traballo de catalogación que se prolongou estes últimos anos ata os 18000 rexistrados na actualidade. Este curso e o anterior adicámonos á catalogación do fondo bibliográfico almacenado nos Departamentos. Na actualidade só falta Dirección e o Departamento de Orientación.

**1.6.- Actividades relacionadas co fomento da lectura:** o labor máis importante é a servir de fonte de información tanto para os profesores como para os alumnos. As actuacións máis salientables neste senso son:

- Xestión de compras facilitando ou levando a cabo a compra de novidades editoriais.
- Recompilación de información sobre as lecturas recomendadas noutros Centros para estudar os posibles cambios ou ampliacións nas nosas lecturas.
- Publicitación das novidades adquiridas pola Biblioteca ou polos Departamentos en paneis situados na entrada do Centro. Deseñamos un panel por trimestre:
  - 1º Trimestre 2008-09: novidades.
  - 2º Trimestre 2008-09: literatura e cine. Adaptacións cinematográficas de relatos, novelas e obras teatrais. As lecturas recoméndanse en distintos idiomas: inglés, galego e castelán. O interese que espertou este panel está a ser inesperado xa que os propios alumnos e profesores ampliaron con propostas propias as suxestións feitas inicialmente.
  - 3º Trimestre 2008-09: fragmentos. Recomendarase a lectura de distintas obras a partir de fragmentos seleccionados que animen o lector a escoller un determinado libro.

- Organización dun concurso de marcadores de páxinas en colaboración co Departamento de Educación Plástica e Visual. Os marcadores gañadores convértense en emblema publicitario do Centro para o curso seguinte. A súa convocatoria coincide coa celebración de Día do Libro e do Día das Letras Galegas.
- A encargada de Biblioteca participa activamente na elaboración consensuada por distintos Departamentos do Proxecto Lector (ANEXO 3, **Circular Informativa sobre o Proxecto Lector elaborada pola encargada de Biblioteca destinada aos Xefes de Departamento**).

#### **1.7.- Actuacións destinadas á compensación das desigualdades sociais ou atención á diversidade:**

- A Biblioteca axuda aos Departamentos que o precisen ou realiza compras de exemplares suficientes (entre 10 ou 12 exemplares dun mesmo título) para garantir que os alumnos que non poidan adquirilos accedan a súa lectura.
- A Biblioteca xestiona e coordina o préstamo dos libros de texto gratuítos para os alumnos da ESO. Rexistra os libros que entrega a cada un dos profesores que impartirán a materia e que é o responsable: de anotar os préstamos, de que os libros sexan forrados polos alumnos e de recollelos a final de curso (ANEXO 4, **Normas entrega-recollida libros de texto gratuítos**).

#### **1.8.- Presenza da Biblioteca nas prácticas pedagóxicas do Centro:**

- As charlas de Biblioteca figuran na Programación de Orientación no apartado de Tutorías xa que é nesa hora onde se realizan as charlas de Formación de usuarios.
- Colabora na selección do tema e na busca de información directamente cos titores de 1º da ESO para realizar o Proxecto Interdisciplinar.

### **2.- PROXECTO BIBLIOTECA ESCOLAR CURSO 2009-2010.**

#### **2.1.- Título do proxecto.**

***Biblioteca Ana Arraiz. IES Ricardo Mella: unha Biblioteca para todos.***

#### **2.2.- Xustificación.**

A nosa Biblioteca comezou o Proxecto de Integración nos procesos educativos do Centro hai 6 anos, no curso 2003-2004. As tarefas realizadas dende entón: organización, automatización e dinamización, requiriron a realización de actuacións e protocolos moi complexos que supuxeron a introdución de grandes cambios na Biblioteca ademais dun cambio de actitude dos membros da comunidade educativa e a implicación dun número amplo de persoas que colaboraron de forma moi estreita na súa transformación.

Superada esta primeira fase de reorganización, cubertos xa os aspectos técnico-organizativos, imponse un reformulación dos servizos e funcións da nosa Biblioteca. É precisamente este aspecto o que xustifica a presentación deste Proxecto: a **planificación dos cambios curriculares** que nos permitan integrar de forma plena a Biblioteca Escolar nas estratexias ou **prácticas pedagóxicas do Centro**.

#### **2.3.- Obxectivos.**

Expoñémonos dous obxectivos básicos:

**1. Mellorar a automatización para:**

- Ampliar e garantir a difusión e o uso dos recursos que están repartidos polo centro.
- Ofrecer máis servizos e recursos mediante a cooperación con outras bibliotecas.
- Ofrecer aos alumnos novos instrumentos e oportunidades para aprender, investigar e documentarse.

**2. Ampliar as posibilidades de uso pedagóxico da Biblioteca:**

- Equilibrar o fondo bibliográfico da Biblioteca.
- Replantear no centro todos os aspectos relacionados coa formación lectora dos alumnos e alumnas, a xestión dos recursos didácticos e documentais e a difusión da información.
- Facer da Biblioteca un novo espazo de aprendizaxe, con actividades de carácter transversal a todas as áreas e materias, integradas no currículo e no horario dos alumnos, deixando tempo para a realización das mesmas.
- Fomentar a utilización deste espazo educativo por parte do profesorado. Isto implica un troco de percepción da formación lectora entendida como tarefa común que se deberá concretar na introdución de modificacións nos Proxectos Educativo e Curricular.
- Introducir vos cambios organizativos derivados dos puntos anteriores.

**3.- Organización.**

Para levar a cabo o Proxecto de Biblioteca utilizaremos a metodoloxía máis axeitada: a de proxectos. Haberá que ter en conta entón os seguinte aspectos:

- Deberá ser un proxecto consensuado entre todos os membros do Claustro e formará parte do Plan Anual de Centro e o máis importante supoñerá unha revisión do Proxecto Educativo e do Proxecto Curricular.
- Partiremos da valoración da situación inicial e delas posibilidades e dos recursos reais.
- Os obxectivos e iniciativas expostos son atinxibles e pensamos que facilitan a posta en práctica do proxecto e a súa avaliación.

**4.- Actuacións por trimestres.**

<b>CURSO 2009-2010</b>
<b>1º TRIMESTRE</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Accións informativas ao profesorado e planificación do traballo. Convocatoria de reunións.</li><li>• Proposta de actividades e selección das iniciativas e tarefas para equilibrar o fondo, garantir a súa dispoñibilidade, difundilos e facer que circulen polo centro escolar e ampliar as</li></ul>

posibilidades de uso pedagógico da Biblioteca Escolar.

- Ordenar o traballo: establecer prioridades, decidir quen se van ocupar de cada unha das tarefas, calcular os prazos de intervención, reflectir os datos nun cadro de planificación das tarefas.
- Planificación de actividades formativas para o profesorado e o alumnado.

## 2º TRIMESTRE E 3º TRIMESTRE

- Levar a cabo as tarefas planificadas.
- Análise ou revisión dos resultados para mellorar os servizos e aproveitar a experiencia obtida para a planificación do traballo do próximo curso.
- Memoria da Biblioteca e suxestións de mellora para o próximo curso.

### 5.- Xestión técnica e organización.

Nosos esforzos dedicaranse a elaborar un plan de traballo máis centrado na implementación de distintos programas de actividades, que se artillarán para todo o centro desde a Biblioteca en colaboración co profesorado das distintas materias. Tendo en conta a importancia do mantemento do servizo (préstamo, orientación bibliográfica, consulta en sala...), a Biblioteca poderá apoiar e articular programas de actividades acordes coas formulacións explicitadas no Proxecto Educativo de Centro e no Plan Anual.

### 6.- Dinamización.

Estableceremos sinxelos protocolos de actuación que teñan como obxectivo racionalizar e coordinar as accións que podamos desenvolver desde a Biblioteca do Centro e que nos leven á unha situación de afianzamento. Esperamos que nesta nova etapa a Biblioteca escolar sexa considerada recurso clave para o desenvolvemento do proxecto educativo e que poidamos acadar a coordinación entre o profesorado e os responsables da Biblioteca, a utilización de mecanismos de comunicación e información, de procedementos de traballos comúns e coñecidos por todos, que faciliten o bo uso dos servizos e recursos.

### 7.- Educación documental.

A responsable da Biblioteca e o equipo de apoio elaborará/seleccionará actividades para que:

- O alumnado coñeza todos os recursos que a Biblioteca lle ofrece e saiba aproveitalos.
- Formar aos alumnos no uso e tratamento da información, as técnicas de traballo intelectual e a instrución documental. Incorporaremos unha gran parte dos contidos da "formación de usuarios aos contidos curriculares e á acción educativa -alfabetización en información-.
- Facer posible que o alumnado desenvolva hábitos de estudo, adquira habilidades de traballo intelectual, aprenda a documentarse, a buscar e seleccionar información. As actividades incidirán na utilización permanente de estratexias para pensar, investigar, comprender, expresarse por escrito, analizar e criticar informacións non verbais.
- Diseñar actuacións e actividades de apoio ás didácticas de área promovendo a realización de proxectos de traballo aula-biblioteca e proxectos documentais integrados. A Biblioteca incorporará á súa colección documentos relacionados cos ámbitos de traballo dos proxectos e



intervirá de forma transversal na difusión, coñecemento e dinamización dos mesmos. O papel do profesor e da responsable de Biblioteca será guiar e modelar os procesos.

### **8.- Proxecto Lector e Escritor.**

A Biblioteca apoiará o Proxecto Lector de Centro creando ambientes e momentos propicios -oportunidades lectoras e escritoras- ao longo do curso para que a práctica da lectura estea presente na actividade escolar. Todas estas actividades se integrarán nun programa sistemático de actuacións ao longo de cada curso e incorporarse ao Proxecto de Centro e ao Plan Anual.

### **9.- Criterios e procedementos de avaliación.**

Para realizar ou informe de avaliación utilizaremos ferramentas de auto-avaliación que nos permitan detectar a incidencia dos proxectos no alumnado e no profesorado:

- Resultados da incidencia dos servizos e actuacións da biblioteca escolar nos logros na aprendizaxe do alumno: desenvolvemento de competencias relacionadas co uso das fontes de información...
- Resultados da incidencia das actividades planificadas no proxecto lector na comprensión lectora e o avance nas prácticas lectoras: hábitos lectores, competencias escritoras, diversificación lectora...
- Informes e estatísticas dos servizos bibliotecarios do Centro.
- Resultados da incidencia da implementación do plan de uso da Biblioteca no profesorado.

## **6. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA EMISORA ESCOLAR**

A Emisora escolar “Onda Xove” está a emitir dende o curso pasado a través de Internet, no que é un novo reto para esta actividade. Nestes momentos á persoa encargada da actividade lle foi concedida unha licenza por estudos e estamos na procura de outro responsable da actividade para este curso.